

COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

Vista a solicitude de comparecencia presentada polo grupo municipal AER, en data 30/08/2013 e número de RXE 11345 que a continuación se transcribe:

“Ao longo deste mandato, a Agrupación de Electores de Redondela presentou numerosas mocións, comparecencias, preguntas, rogos e rexistros de entrada relacionados coa área de medio ambiente: depuradora, vertidos aos ríos, antenas de telefonía, obras do AVE, cementeira, punto limpo, vertedoiro da marisma... Sabendo que en moitos casos non se cumpriron os acordos tomados ou se fixo pouco caso ao denunciado e/ou preguntado, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente para que nos explique o traballo desenvolvido pola súa concellería ao longo deste mandato en relación con estes temas.”

O concelleiro Álvarez Ballesteros di que levan realizado plans de accións medioambientais e moitas accións de voluntariado que detalla. En canto ao vertedoiro da marisma se recabaron informes. Respecto aos ríos sinala que fixeron tres limpeza nos tramos do Prexegueiro e Alvedosa, dúas no Maceiras, dúas no río Fondón, tres no Maceiras en Chapela...etc para evitar entullos e problemas cando hai riadas.

Presentaron dos proxectos de actuación nos ríos Maceiras e Alvedosa pendentes de aprobación. Tamén realizaron actuacións na Senda da Auga eliminando papeleiras .

Fixeron a revisión do pagamento do lixo en moitas vivendas que non pagaban, dobráronse os contedores de aceite en moitas zonas, elimináronse vertedoiros incontrolados aínda que é un tema moi difícil. Di que aumentáronse contedores polas parroquias. Realizáronse diversas xestións con Augas de Galicia para resolver bastantes problemas da súa competencia. Refírese aos puntos de vertido detectados e ao control de fincas abandonadas. Refírese tamén ás melloras no cemiterio, recuperación de fontes....etc. Agradece o traballo dos funcionarios.

O concelleiro Blanco Pérez refírese aos problemas coa EDAR e di que a pesares das súas denuncias reiteradas sobre os cheiros e vertidos non se resolveu nada. Con respecto ás antenas tamén fixeron unha pregunta e se lles contestou que estaban a traballar o tema pero despois de dous anos non se lles dixo nada. Pregunta tamén polo punto limpo e sinala que seguen a sufrir polas obras do AVE en canto a vertidos e a rúidos provocados por traballos nocturnos.

O concelleiro Álvarez Ballesteros di que está o proxecto da EDAR no Concello para o tema das máquinas de desodorización que se pasou no seu día a Intervención. Dí que en urbanismo están buscando o lugar axeitado para o punto limpo pero de entrada non contan cun predio axeitado. Non ten tempo para detallalo máis.